

Programa de Gobierno 2007/2011

Fene pensado para ti



1. XOSÉ MARÍA RIVERA ARNOSO
Administrador



2. RITA MARÍA COUTO SEJIDO
Diplomada en CC Empresariais



3. EDGAR ANTONIO VIGO LÓPEZ
Enxeñeiro Técnico Naval



4. INÉS ROCA REQUEJO
Licenciada en CC Empresariais



**5. MANUEL VICENTE
PICO SANMARTÍN**
Traballador de Navantia Fene



6. MANUEL POLO GUNDÍN
Licenciado en Educación Física



7. HÉCTOR SECO CASTRO
Auxiliar Administrativo



**8. PEDRO LEONARDO
SECO FERREIRA**
Capataz Forestal



9. SARA ALLEGUE REY
Estudiante de Relacións Laborais



10. MARÍA XOSÉ NOVO CORRAL
Directiva Sociedade Liga de Amigos



11. NICOLÁS GARCÍA LÓPEZ
Traballador de Privilexio



12. Mª DIGNA FARALDO PURRIÑOS
Profesora Educación Secundaria de
Delineación



**13. MARÍA SÁNCHEZ
ANDRADE SÁNCHEZ**
Médica



14. PAULA GONZÁLEZ PAZOS
Protésica Dental



15. DARÍO IGLESIAS FEAL
Licenciado en Farmacia



16. MARÍA VERÓNICA TÓÑEZ PÉREZ
Prof. Xeografía e Historia en Educ.
Secundaria



17. ANDRÉS GONZÁLEZ VIZOSO
Mestre de Educación Primaria



**18. XOSÉ ANTONIO
RODRÍGUEZ PADILLA**
Traballador de Navantia Fene



19. MARÍA XOSÉ FERNÁNDEZ SECO
Directiva Sociedade Liga de Amigos



20. OLEGARIO OTERO PEREIRA
Xefe Equipo: Mecánico



21. VICTORIA MARÍA AYALA FRAGA
Licenciada CC Económicas

■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO

Aquí está o BNG!

No BNG **acreditamos nos concellos**, no traballo á fronte da administración local, como un labor fundamental **para mellorar a calidade de vida** dos veciños e veciñas, vertebrar o país e **contribuír á construción nacional** de Galiza.

O **Programa** que te presentamos tenta dar resposta a estes tres obxectivos. Trátase dun programa **pensado dende Fene** e para Fene, **baseado no coñecemento do concello** como territorio e da administración municipal, **das necesidades e das posibilidades**, das medidas que podemos levar a cabo e daquelas que van depender da nosa capacidade para involucrar a outras administracións.

É un **programa innovador**, que **inclúe** propostas de **novas iniciativas** e liñas de actuación; **reformula** a fondo **programacións** que consideramos **esgotadas** ou non acaídas a estes tempos; **propón debate e consenso** sobre os **grandes temas** ou sobre aos que, cando menos, cómpre darlles unha volta; **dálle continuidade a aqueles plans que conforman os nosos activos máis importantes** e **abre** unha **nova xeira** que se ten que caracterizar pola **cooperación entre administracións**.

Un programa que parte da certeza que **mellorar as infraestruturas é necesario pero non abonda para mellorar a calidade de vida**. No BNG cremos que para conquistar a igualdade e o benestar é imprescindible desenvolver unha política, a que impulsamos e imos seguir levando a cabo, que teña como bandeira a normalidade da nosa lingua e cultura, a preservación e o ordenamento racional do territorio.

Unha política que poña en **primeiro plano a defensa do emprego**, os **programas de benestar social**, a promoción das **vivendas de protección pública**, as medidas para **facer efectiva a igualdade** entre homes e

mulleres, a **planificación urbanística ao servizo do interese xeral**, a **protección do medio ambiente**, a **ampliación dos equipamentos** e programas **culturais**, deportivos e educativos, o **achegamento** da cidadanía **ás novas tecnoloxías...**

Un Programa que define as liñas estratéxicas da nosa actuación, a nosa política no Concello na vindeira lexislatura, sen caer en grandes declaracións, en tópicos enumeracións que a nada comprometen ou en confundir participación con esvaer as responsabilidades na toma de decisións.

Un **Programa** que é un **compromiso con Fene e con Galiza** e que, para levalo a bo porto, conta cunha organización coas raíces na terra e cunha **candidatura renovada** nas persoas, na procedencia e na idade dos seus membros. Renovación **que se conxuga coa necesaria experiencia** para que a transición non se converta nun salto no baleiro.

Unha candidatura nova para comezar unha nova andaina, unha lexislatura na que a presenza do **nacionalismo á fronte dos gobernos da Xunta e da Deputación** vai facer posíbel que **Fene reciba** destas administracións nin máis nin menos que **aquilo que por xustiza nos corresponde**. Xustamente o que nos negaron até estes dous últimos anos.

Coñeces quen somos e como traballamos. **Sabes que nos podemos equivocar** —e abofé que imos equivocándonos!- pero tamén sabes que **só se equivocan quen traballan**.

Viviches o avance que, nos campos da nosa competencia e responsabilidade, **experimentou Fene** neste tempo. En por iso, **porque queres que Fene siga avanzando, o 27 de maio has votar BNG**.

■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NA FACENDA E POLÍTICA FISCAL

Un novo modelo de financiamento

A atribución ao concello de novas competencias sen vir acompañadas dos correspondentes recursos; o feito de ter que asumir a prestación de servizos que, sendo competencias doutras administracións, son necesarios para mellorar os niveis de benestar social; o incremento do custo dos servizos e a súa falta de correspondencia co que se lle cobra á poboación; unha política de convenios, subvencións e investimentos que até a chegada hai dous anos do bipartito á Xunta e á Deputación non foi nada favorábel ao noso Concello son as **chaves que explican por que nos vimos obrigados a recorrer aos créditos**, ao endebedamento sempre por baixo dos límites fixados pola lexislación vixente, como única vía para tentar dar resposta ás demandas de todo tipo de servizos que nos faciades os veciños e as veciñas.

Fene é vítima dun modelo de financiamento local incapaz de garantir a suficiencia de recursos para atender os servizos que o Concello presta e a cidadanía demanda.

O **BNG comprométese a traballar** no Concello, na Xunta e no Parlamento Español **para conseguir mudar esta situación e dotar aos concellos dun novo modelo de financiamento** baseado nos seguintes criterios:

Modificar o actual sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE) en dous aspectos:

Propiciando a integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Incrementando a contía da PIE en atención ao maior custo dos servizos derivado da superficie territorial, da dispersión e do avellentamento da poboación.

Apoiar o recoñecemento nun estatuto de nación das competencias de Galiza en materia de financiamento local que permitan a creación dun Fondo de Financiamento Local en que se aglutine a transferencia da PIE e a Participación nos Ingresos da Xunta de Galicia. En desenvolvemento desas competencias apoiarase a aprobación dunha Lei Galega de Facendas Locais.

Defender o principio de que “toda nova atribución de competencias aos concellos debe ir acompañada da asignación dos recursos que cubran o seu custe efectivo”.

Continuar, no marco do pacto local, co proceso de asunción por parte da Xunta de Galicia das competencias e do financiamento de servizos dependentes da Administración galega: mantemento e limpeza de centros de ensino, centros de saúde, actividades extraescolares, programas de conciliación, servizos educativos complementarios....

Promover a actualización normativa para garantir a tributación de novos feitos impoñíbeis hoxe non gravados: espazo radioelétrico, telefonía móbil, caixeiros automáticos,....

No ámbito específico das nosas competencias, o BNG comprométese a:

Manter unha política fiscal de **actualización de taxas con incrementos baseados** na evolución do custo da vida, medido a través do **IPC** galego.

Seguir as recomendacións do Consello de Contas no tocante á política orzamentaria e reasunción do déficit.

Procurar a **captación de novos recursos financeiros** mediante políticas urbanísticas –desenvolvemento do PXOM- e de dotación de servizos conducentes ao establecemento de novas empresas en Vilar do Colo e ao incremento de poboación.

Seguir **racionalizando a xestión dos servizos** a través da centralización das contratacións, liña iniciada na área de cultura e deportes e que supón, ademais de sermos máis eficaces e eficientes, unha importante redución de custos e unha mellora substancial na calidade dos servizos.

Estudar a posibilidade de **seguir reducindo os gastos correntes** (telefonía, papelaría, fotocopias, ofimática....) mediante o uso das novas tecnoloxías e a aplicación de novas formas de contratación (leasing, renting, ...).

Proseguir coa **política de aforro enerxético**.

Aplicar, de forma máis sistemática, as bonificacións e outro tipo de axudas para a contratación de persoal laboral temporal.

■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NO URBANISMO

O PXOM como instrumento e referente dun urbanismo racional e sostíbel

Aprobar o **PXOM**, cos votos do BNG e o consenso da inmensa maioría dos feneses e fenesas, dotounos dunha **ferramenta para o planeamento urbano sustentábel** que **garante o equilibrio territorial** e un **desenvolvemento urbanístico ao servizo do interese xeral** no que **prima a protección do noso medio ambiente** e riqueza paisaxística.

O BNG comprométese a **seguir desenvolvendo o PXOM**, como programa a curto e medio prazo para que Fene siga avanzando e se consolide como capital da zona sur da ría.

Con esta perspectiva nesta lexislatura imos concentrar os nosos esforzos en:

Promover a elaboración dun **Plan estratéxico**, no que conflúan os diferentes axentes sociais, para desenvolver o proxecto de **“Fene, vila urbana capital da zona sur da Ría”**.

Consolidar a centralidade do núcleo urbano Fene-Perlío-San Valentín impulsando as APES recollidas no PXOM; dotándoo de **novos servizos** (aparcadoiros, zonas de punto-deporte...); continuando coa segunda fase da reurbanización de San Valentín e prestando unha especial atención ao **reordenamento do tráfico** en toda esta zona mediante a mellora na súa regulación e a **apertura de vías de comunicación:**

Rúa que una a Avenida do Concello coa Rúa Francisco Malvar.

Rúa que una as Avenidas do Tarrío e Marqués de Figueroa á altura do Mercado Municipal.

Rúa en paralelo á vía do tren e á Avenida Marqués de Figueroa.

Mellorar, mediante actuacións específicas, as **vías** que dan **acceso ao casco urbano**, concretamente o Camiño do Sartego, a rúa do Río Cádavo e os accesos entre O Pazo e As Chancas.

Crear unha **unidade de xestión urbanística** con competencias específicas.

Contribuír a **fixar poboación** no resto das **parroquias** do concello mediante **intervencións específicas nas** respectivas **centralidades** e a **dotación de servizos** á comunidade como a “Galescola” do Carril.

Acometer obras de **ampliación e aglomerado en vías** de titularidade municipal:

Camiño do Campanario

Camiño da Vrea

A Pomba

Xestionar ante a Consellería de Obras Públicas, Política Territorial e Transporte a realización da **Ronda Oeste**.

Xestionar a **mellora da rede de comunicacións** do Concello traballando en tres direccións:

Conservación e mantemento regular das vías de titularidade doutras administracións, nomeadamente da Xunta e da Deputación.

Apertura de novas travesías como a que comunique os Institutos co Rego da Moa, proposta xa formulada á Deputación Provincial.

Actuacións para eliminar puntos negros e reforzar a seguridade peonil coa construción de beirarrúas (Estrada da Palma) e, mentres non se fan, coa habilitación de beiravías na liña das obras que se están a acometer na AC-115 que une Fene con Neda.

Coa perspectiva de dedicar o **40% do solo** edificábel a **vivenda protexida**, promover a cesión de solo á Consellería de Vivenda para a construción de novas vivendas de protección pública e de vivendas para a xente moza.



Concertar coa Consellería de Vivenda actuacións en materia de **rehabilitación de vivendas e áreas de rehabilitación integral** nos rueiros de Chao de Aldea e As Foxas.

Transformar e **acondicionar o contorno de zonas** como a Casa da Cultura, Casa do Concello, centralidade de Sillobre ou a da Ponte dos Santos.

Aprobar que o Concello dedique o **1% do investimento** en obra nova **á adquisición de obra a artistas contemporáneos** para gozo da poboación e incremento do patrimonio municipal.

Aprobar que os **peches e sinalización das obras** de construción e reforma de edificios que se realicen na zona urbana **se axusten a uns modelos estandarizados** que responderán tanto a criterios de seguridade como de estética urbana.

Intensificar a **información e o asesoramento sobre as liñas de apoio** das diferentes administracións para a adquisición, alugueiro, rehabilitación, construción e mellora da **vivenda**.

■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NO MEDIOAMBIENTE

Unha política ambiental baseada na preservación e na posta en valor do contorno

Preservar, protexer o contorno mediante a aplicación da **normativa do PXOM** e procurar a posta en valor do territorio mediante diferentes programas específicos, son os eixes que vertebran a nosa política medioambiental.

Unha política que nos vindeiros catro anos queremos traducir en:

Impulsar a **Axenda 21 local** como instrumento de análise, participación cidadá e definición do plano de acción local neste eido.

Adquirir unha parcela no Polígono Industrial de Vilar do Colo para conveniar coa Consellería de Medio Ambiente a instalación dun **“punto limpo”**.

Axilizar, na medida das nosas posibilidades, a construción e posta en funcionamento da **depuradora da zona sur da Ría**.

Intervir na zona das ribeiras de Maniños e Barallobre unindo os paseos marítimos e **recuperando espazos de concesión para o dominio público asociado aos servizos e a o lecer** coa instalación de pantaláns nos peiraos de Barallobre e Perlío.

Implantar un programa anual de **limpeza sistemática das canles dos ríos**, nomeadamente ao seu paso pola zona urbana.

Promover a **elaboración**, en colaboración con outras administracións, **dun estudo** rigoroso **sobre o xeito de evitar ou minimizar os asolagamentos** na desembocadura do **Río Cádavo**.



Proseguir coa **política de humanización** (contenedores soterrados, plantación de árbores, instalación de papeleiras e mobiliario urbano integrado,...) **do contorno urbano**.

Coidar, solicitando a súa inclusión no catálogo de espazos protexidos de interese local, **zonas de grande interese ecolóxico** como as ribeiras do Belelle.

Xestionar ante empresas e administración o **soterramento** das **liñas eléctricas e telefónicas**.

Darlle continuidade á **política de utilización de enerxías renovábeis** mediante a instalación de novos paneis na Casa do Concello, Casa da Cultura, Pavillón do Ramo e demais edificios de titularidade pública.

Intensificar as **campañas de sensibilización e concienciación medioambiental** e, dun xeito especial, as destinadas a evitar o malbaratamento da auga, potenciar o uso da recollida selectiva do lixo e promover a reutilización e a reciclaxe así como o uso de materiais reciclados.

Elaborar e concertar coa Consellería de Medio Rural un **plan de prevención de lumes forestais**.



■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NOS SERVIZOS

Un concello con máis e mellores servizos

Comprometémonos a seguir traballando para estender os servizos básicos a toda a poboación, **mellorar o funcionamento** dos existentes e **crear novos servizos** xerais e para o tempo de lecer.

Nos vindeiros catro anos traballaremos para:

Elaborar un plan cuadrienal para **completar a rede de servizos básicos** (auga, rede de saneamento, alumeadado e asfaltado de camiños) nas parroquias.

Procurar chegar a **acordos con outros concellos** para abordar, de xeito conxunto, obras como estender a **rede de saneamento a San Marcos**.

Modernizar o alumeadado público a través dun plan cuadrienal que nos permita:

- Unha maior eficiencia e aforro enerxético
- O uso de enerxías limpas e renovábeis.

Darlle **continuidade aos programas plurianuais** de:

- Conservación de edificios públicos
- Mantemento de camiños
- Renovación do parque móbil municipal
- Limpeza e acondicionamento de praias
- Adaptación á normativa comunitaria, mantemento e reposición de elementos de xogo nos parques infantís.

Ampliar o aparcadoiro do cemiterio municipal e abordar unha nova fase de **construción de nichos**.

Dotar de aparcadoiros aos cemiterios parroquiais que aínda non dispoñen deste servizo.

Participar no **mantemento da rede de transporte metropolitano** e xestionar a súa ampliación coa creación de novos itinerarios de buses urbanos.



■ PARA QUE FENE SIGA AVANZADO NO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Queremos e sabemos facer barcos, que Fene volva ser a patria do traballo

Queremos volver sentir os ferros a petar; as luces azuis; as caravanas de coches; as tabernas cheas, e centos de iniciativas industriais e comerciais a desenvolverse derredor desa fermosa adicación de facer barcos e facelos navegar.

En por iso, dende o Bloque Nacionalista Galego **apoiamos** e apoiaremos, coa mesma forza e intensidade coa que nos opuxemos ás dúas reconversións do sector naval, a **alternativa para Astano promovida pola Consellería de Industria** e Innovación da Xunta de Galicia.

Unha **alternativa que evidencia a capacidade do BNG** para transformar a realidade do país, para **desenvolver unha acción de goberno xeradora de riqueza e benestar** para toda a poboación.

Capacidade e asunción de responsabilidades **na Xunta de Galiza e tamén na administración local.**

Porque sempre entendemos que **os concellos poden e deben contribuír ao desenvolvemento** e facelo **dende unha perspectiva de país**, levaremos a cabo políticas activas de creación de emprego tanto propias coma en colaboración con outras administracións e axentes sociais.

Políticas nas que a posta en valor das potencialidades e os recursos turísticos dende unha óptica integradora e transversal é un factor importante de desenvolvemento económico.

En por iso o BNG comprométese a:

Xestionar con urxencia a **ampliación, a terceira fase, do Polígono de Vilar do Colo** e poñer ao dispor dos axentes sociais o chan industrial que veñen demandando ao estaren vendidas a totalidade das parcelas.

Xestionar, nesta nova ampliación do Polígono, a **reserva de terreos para a implantación dun viveiro de empresas de base tecnolóxica** ao obxecto de favorecer os proxectos da mocidade emprendora e aproveitar, deste xeito, o capital humano que sae das universidades galegas e, nomeadamente, do campus de Ferrol.

Proseguir na liña de **formación e cualificación profesional da mocidade, inmigrantes, emigrantes retornados e persoas desempregadas** mediante a solicitude dunha nova escola obradoiro e a organización de novos cursos de formación ocupacional.

Cooperar coas demais administracións na **difusión das innovacións e das novas tecnoloxías entre o tecido empresarial** e comercial.

Darlle continuidade aos convenios de colaboración ao obxecto de **contratar persoal desempregado** para a realización de obras de interese xeral.

Promover o asociacionismo comercial e colaborar con aquelas iniciativas encamiñadas tanto á creación de “áreas de comercio aberto” como a mellorar a calidade e xestión comercial.

Colaborar co comercio local no desenvolvemento de novas iniciativas (lonxas de oportunidades, feiras de rebaixas estacionais...) que contribúan a fidelizar e gañar clientela.

Bonificar o IBI das vivendas protexidas e dos **locais comerciais** adquiridos polos emprendedores.

Participar de forma activa do **Plan de Dinamización do Produto Turístico de Ferrol**, como plan comarcal no que conflúen as diferentes administracións e os axentes privados do sector.

Dinamizar, a través do programa de usos asociado ao proxecto de **construción** no Parque Castelao, o **parque temático “A Galaxia Imaxinaria- Parque máxico do humor”**.

Difusión das rotas xa existentes ou en fase de realización (rotas do Bellelle e Río Va, sendeiro circular, rota de BTT Fene-1...) e **creación e sinalización de novas rotas** peonís e para BTT.

Promover, conxuntamente co Xacobeo, o **“Camiño Inglés”** como traxecto idóneo para o percorrido en bicicleta de montaña.



Xestionar da demarcación de Costas a **creación na zona de praias dun espazo con xogos para nenos/as**, aparatos para a práctica físico-deportiva ao aire libre e un pequeno merendeiro.

Unificar e sistematizar a divulgación dos recursos naturais e paisaxísticos (Belelle, zonas de praias,...), histórico-artísticos (arquitectura indiana, contemporánea e tradicional; Museo do Humor,...) e industriais (construción naval) así como dos servizos (Parque de Educación Viaria, locais sociais, parques e xardíns, ...) cos que conta o Concello de cara á captación dun turismo temático e organizado.

Crear unha Oficina Municipal de Información Turística e xestionar a colaboración da administración para a contratación do persoal que figure á fronte da mesma.



■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NA CULTURA, NO ENSINO E NO DEPORTE

Centro sociocultural e áreas de lecer acordes coas necesidades e demandas

Os principios nos que basearemos a política do BNG nestas áreas serán:

A nosa realidade cultural é un dos nosos sinais de identidade como pobo. Traballaremos para **dotarmos dunha infraestrutura e equipamentos culturais apropiados** para o desenvolvemento dunha programación ampla, plural e maioritaria que poña en valor as diferentes manifestacións e producións culturais e o noso potencial creativo.

No marco do pacto local, colaboraremos co goberno galego na **mellora do ensino público** tanto nos aspectos infraestruturais (asunción por parte da Xunta da conservación e mantemento dos centros) coma no deseño, planificación e apoio aos servizos complementarios e actividades extraescolares.

O deporte, a actividade físico-deportiva, é unha das bases do desenvolvemento persoal. Seguir garantindo o acceso á actividade físico-deportiva, prestar unha **especialísima atención ao deporte para todos e todas** serán as constantes do noso quefacer.

Consonte con estas ideas, no BNG adquirimos o compromiso de:

Construír e poñer en funcionamento o centro sociocultural polivalente que nos permita dar un salto cualitativo na programación cultural que vimos desenvolvendo e volver a facer de Fene o berce do teatro, a danza, o cinema... e daquelas manifestacións artísticas que non contaban cun espazo escénico apropiado. O centro sociocultural perfilado e definido conforme cos estándares establecidos pola FEMP é o obxectivo prioritario desta lexislatura. Comprometida unha parte do financiamento pola Consellería de Cultura, consignada nos orzamentos a cantidade necesaria e



iniciados os trámites necesarios para facernos cos terreos, xestionaremos que a Vicepresidencia da Xunta, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Deputación tamén participen á hora de achegar fondos para este centro cívico, un equipamento cultural **imprescindíbel para o noso Concello**.

Estudar e **consensuar** cos demais grupos e con tódolos axentes sociais **a racionalización dos servizos que se prestan na Casa da Cultura** e a conveniencia ou non de proceder á súa centralización coa conseguente utilización dos recursos que se poidan derivar desta reubicación para o financiamento da construción e equipamento do centro sociocultural.

Impulsar a **Axenda 21 da cultura** como instrumento de análise, participación cidadá e definición do plano de acción local neste eido.



Propoñer e consensuar unha ampla **reformulación** dos seguintes programas e áreas de actuación:

Ciclo do **Entroido**, **para que** coas lóxicas adaptacións ao contorno urbano e ao século XXI **recupere o seu carácter e as súas raíces tradicionais**. Trátase de procurar que o Entroido volva ser unha festa na que predomine a participación social sobre o “consumo” pasivo de actuacións e espectáculos.

Ciclo do **Nadal**, para que en lugar da competencia desigual primen o servizo á cidadanía, as **actividades que faciliten a conciliación** da vida laboral e familiar e ofrezan aos rapaces e rapazas un xeito lúdico e alternativo de aproveitar este período vacacional.

Museo do Humor, para **ampliar a súa actividade** máis alá das Xornadas do Humor e da convocatoria dos “Premios Curuxa” coa idea de incrementar tanto a organización de exposicións periódicas como unha maior apertura do Museo á sociedade.

Sala de **exposicións**, ao obxecto de establecer **novos criterios e normativa** que regule tanto a programación de exposicións como a cesión da única sala da que, hoxe por hoxe, dispón o Concello. **Biblioteca**, coa contratación do servizo que permita poñer ao día a **catalogación e informatización de fondos** e coa redefinición da ubicación e uso dos computadores do programa “Internet nas Bibliotecas”.

Escolas culturais, coa organización de **cursos e obradoiros de curta duración** na liña iniciada, por exemplo, co obradoiro de gravado.

Circuíto culturais, **intensificando a programación de ciclos para “toda a familia”** nos primeiros meses da primavera e no período outono-inverno.

Organización de **eventos deportivos**, procurando a divulgación de novas modalidades e prestando especial atención a aquelas **susceptíbeis de practicarse** nas instalacións municipais e **por todos os sectores da poboación**.

Xestionar ante a Consellería de Educación a **cubrición da pista do CEIP de Centieiras** e a súa apertura ao público fóra do horario lectivo.

Propoñerlle ao resto dos concellos da comarca adoptar unha **política común de bolsas de transporte** que sexa extensíbel a todo o ensino postobligatorio incluído o universitario.

Xestionar ante a Deputación, como entidade responsábel do proxecto e das obras de construción, a **reforma integral da Piscina Municipal** de Centieiras que inclúa a supresión do espazo destinado a cafetería (servizo que se prestaría nas inmediacións, nas instalacións do centro sociocultural) ao obxecto de poder ampliar os vestiarios así como a habilitación dun espazo anexo para ximnasio.

Desenvolver o convenio subscrito coa Consellería de Cultura e Deporte para as **obras de mellora e reparación do Pavillón do Ramo**.



Xestionar ante Xunta e Deputación a extensión das liñas de axudas de ambas administracións para a **construción de campos de herba artificial** ás instalacións dos clubs de fútbol de Fene que así o demanden.

Abordar, conxuntamente con outras administracións e mesmo o patrocinio de empresas privadas, a **creación de zonas para a práctica física-deportiva ao aire libre, dirixidas especialmente ás persoas maiores**, na zona de Centieiras e nos paseos marítimos de Barallobre-Maniños e San Valentín.

Darlle continuidade ás restantes programacións e liñas de actuacións que nos eidos da cultura, o ensino e o deporte vimos desenvolvendo nestes últimos anos.

■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NO USO NORMAL DO GALEGO E NA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Rede Wimax para, + internet + galego, levar a banda ancha a toda a poboación

A **política de normalización da lingua galega** no ámbito local que desenvolveu e vai seguir desenvolvendo o BNG guíase polos seguintes criterios:

O concello ten a responsabilidade de promover o uso normal do galego tanto no ámbito da propia administración local coma no ámbito social do concello.

A normalización do galego é un proceso transversal que involucra a tódalas áreas do goberno local.

Conscientes de que o uso do galego debe ir asociado tanto á vida cotiá como á modernización da sociedade, nesta lexislatura comprometémonos a, en galego e dende unha óptica galega

Promover **espazos para o lecer e a interacción en galego** especialmente os dirixidos aos máis novos na liña iniciada con actuacións como “Verán máis alá!” ou “A mocidade coa lingua”.

Xestionar ante a Consellería de Industria a súa colaboración para a continuidade da contratación dunha persoa dedicada á **dinamización dixital**.

Intensificar as iniciativas de **formación-dinamización dixital** coa organización na Aula Informática de novos cursos e obradoiros dirixidos á poboación en xeral e colectivos con demandas específicas.

Divulgar e **promover**, mediante a formación e distribución de ferramentas informáticas, o **uso de software libre**.

Dar a coñecer e promover o uso, coa organización de obradoiros e xornadas, as **ferramentas informáticas en galego** e os **recursos** na nosa lingua que hai **na Internet**.

Desenvolver o web <http://www.fenecidadan.net> e a segunda fase deste proxecto que contempla a organización de cursos dirixidos ao movemento asociativo para proporcionarlle a formación necesaria de cara a poder xestionar os microespazos que se van habilitar no propio web e que estarán ao dispor de cada unha das entidades que así o solicite.

Xestionar ante Consellería de Industria e Innovación a sinatura dun convenio para o desenvolvemento dunha **rede baseada na tecnoloxía Wimax** que aproveite as instalacións e equipamentos preexistentes (investimento realizado ao abeiro do programa piloto promovido pola Deputación) ao obxecto de montar unha rede pública, a xestionar mediante concesión administrativa, **que garanta o acceso á banda ancha** a prezo acaído, **a toda a poboación** e preste servizo ás industrias de Vilar do Colo.

■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NA MODERNIZACIÓN DA SÚA ADMINISTRACIÓN

Melloraremos as canles de comunicación

Dende o BNG traballamos para configurar unha **administración transparente**, eficiente, eficaz, achegada á cidadanía, dinámica, flexíbel e con servizos de calidade.

Con ese norte nesta lexislatura comprometémonos a:

Seguir colaborando coa Deputación no desenvolvemento e progresiva **implantación do @gora** como sistema integrado de xestión que posibilita o traballo colaborativo, o seguimento dos expedientes e, nunha nova fase, a consulta de expedientes, a implantación da **sinatura electrónica e a tramitación a través de Internet**.

Elaborar un **novo catálogo de postos de traballo** e estudar a reformulación do organigrama municipal.

Crear un **Departamento adscrito á Alcaldía**, con persoal municipal e de gabinete, para levar a cabo de xeito máis efectivo a ampla gamma de xestións incluídas neste programa así como a dirección da administración municipal.

Crear unha **oficina de información cidadán para**, aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías e o desenvolvemento do web municipal, **unificar, centralizar e facilitar os trámites**, as xestións e o acceso á información pública.

Implantar **bolsas de emprego para** cubrir **vacantes** e substitucións así como para os períodos en que se fai necesaria a acumulación de tarefas.

Negociar cos representantes do cadro de persoal a **fixación de criterios obxectivos estábeis** para a **promoción interna do persoal**.

Reorganizar e **especializar** as funcións da **Policía Local**.

Xestionar a colaboración da administración autonómica na **dixitalización dos fondos documentais**.

Elaborar unha **carta de servizos municipais** cos procedementos, obrigas da administración e dereitos de veciños e veciñas.

Mellorar a rede de comunicacións do concello mediante:

Contratación estábel dunha persoa que se encargue do seu tanto do seu mantemento coma dos equipos informáticos.

Centralización nunha concellería delegada e no técnico contratado de calquera decisión neste eido.

Implantación da rede de fibra óptica nas dependencias municipais combinada co uso da tecnoloxía sen fíos.

Adquisición dun novo servidor e implantación da mensaxería interna.

Cambio da centraliña telefónica e automatización da recepción de chamadas.

Proseguir coa **implantación do web <http://www.fenecidadan.net>** como **canle de relación** e comunicación entre concello e veciños e veciñas posibilitando a obtención de todo tipo de información pública.

Como medio de comunicación público que é, promover a creación dun **órgano de control e participación social no web <http://www.fenecidadan.net>**, órgano no que estean representados tanto os grupos municipais como a sociedade fenesa.



Propoñer estudar e **consensuar a reformulación dos medios e da política de comunicación do Concello** en base, entre outros, aos seguintes elementos para o debate:

Información de proximidade

Comunicación multimedia

Presenza local nos medios comerciais

Eficacia e eficiencia

Racionalización dos medios humanos e materiais

Rendibilidade social e servizo á cidadanía

Achegamento á poboación e participación social na creación de contidos.

■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NA MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

O benestar social, obxectivo preferente

As **políticas de benestar e de carácter social, públicas e de calidade**, son un pilar fundamental do noso proxecto de país e, por tanto, do noso proxecto para o concello.

Impulsar dende o Concello políticas avanzadas e de calidade no benestar e nos servizos sociais segue a ser unha prioridade para o BNG e, nesta liña, comprometémonos a:

Ampliar a **colaboración** co CEIP O Ramo e outros **centros de ensino** de cara a aproveitar estas instalacións para a **creación e apertura** ao público de **espazos de xogo**.

Xestionar os terreos de titularidade de Navantia para **mellorar os accesos** e zona de aparcadoiro da **Galescola da Torre**.

Impulsar a inmediata construción e entrada en funcionamento da **Galescola do Carril**.

Seguir potenciando as **actividades que faciliten as relacións interxeracionais** e impulsar planos de actividades, nos centros sociais e nos de ensino, de recollida da memoria viva a través da historia oral dos traballos, festas, oficios, acontecementos políticos, culturais, ... protagonizada por persoas maiores.

Darlle continuidade á **cesión de espazos** para que desenvolvan o seu traballo **entidades asociativas** que atendan ás chamadas novas discapacidades.

Proseguir co labor de **integración de nenos e nenas con discapacidades** en todas as actividades que conforman a programación municipal.

Darlle continuidade á política de **cumprimento da lei galega de accesibilidade** universal a través dos planos de supresión de barreiras arquitectónicas.

Desenvolver **programas de tolerancia e coñecemento intercultural** como “Un nadal diferente”.

Proseguir na liña de programar **actividades de ocio saudábel** e programas informativos de prevención contra as adicións tanto a nivel educativo como a través dos medios de comunicación.

Promover **programas conxuntos e transversais de promoción e dinamización social**, prevención primaria e secundaria, sensibilización social, conciliación, normalización lingüística, difusión cultural, ...

Impulsar, en colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a **ampliación do actual centro social** e a súa reconversión nun centro sociocomunitario de carácter interxeracional onde se desenvolvan, entre outras, as seguintes actuacións:

Área de Información sobre servizos e recursos sociais.

Área de avellentamento saudábel: información sobre nutrición, uso de medicamentos, etc.

Área de convivencia, escola de convivencia: organización do fogar, educación dos fillos, hixiene, nutrición, axuda nos deberes escolares...

Unidade de prevención de dependencia, atención aos fráxiles: estimulación cognitiva, podoloxía, xantar na casa e transporte adaptado.

Servizo de acompañamento social: bancos de tempo, acompañamento as fins de semana para persoas maiores que vivan soas, saídas domiciliarias, solidariedade.

Estudar a demanda e viabilidade de implantar servizos de atención á infancia como o **servizo de canguros e de recollida e acompañamento a actividades**.

Informar sobre a aplicación da **lei de autonomía persoal** e atención a persoas en situación de dependencia.

Acceso aos equipos de valoración

Documentación que hai que achegar

Desenvolvemento do programa individualizado de atención (IA)

Colaborar coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar na implantación da rede de cuidados para a autonomía persoal que, a través do uso das novas tecnoloxías, permitirá estar conectados coa Xunta para dispor de servizos de: consultas en liña para persoas con dependencia, formación de cuidadores, bolsa de emprego para profesionais dos servizos de proximidade, farmacia a domicilio, préstamo de axudas técnicas, etc.

Impulsar, en colaboración coa administración autonómica, a construción e dotación de **centros de día**.

Colaborar na implantación da “**Tarxeta +**” e contemplar na Ordenanza Fiscal núm. 2 o establecemento de descontos para todas as persoas de máis de 65 anos.

Colaborar coa Vicepresidencia da Igualdade na ampliación e extensión do **servizo de transporte adaptado** (ANTA)



■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NA IGUALDADE

Políticas transversais para a igualdade

A plena realización do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é un obxectivo estratéxico do BNG, que terá a súa tradución no desenvolvemento de políticas transversais no conxunto do goberno local e na cooperación coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

Dende o BNG comprometémonos a:

Revisar e aplicar o **Plan Municipal de Igualdade**.

Seguir colaborando coa Vicepresidencia da Xunta e co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na rede galega de información e atención ás mulleres ampliado o **servizo de atención á muller** que vimos prestando até agora.

Promover a elaboración **Plano de corresponsabilidade** que comprometa a administración e as empresas.

Darlle continuidade ás políticas de:

Prevenión da violencia de xénero.

Campañas de sensibilización sobre a coeducación e a educación non sexista.

Programas de saúde dende a perspectiva de xénero.



■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NA SANIDADE

Atención pública de calidade para unha vida saudábel

O concepto de saúde vai ligado á calidade e hábitos de vida saudábeis, equilibrio medioambiental,... e debe ter un carácter transversal nas actividades dos concellos. O BNG desenvolverá as seguintes liñas de actuación:

Mellora na atención sanitaria, demandando a ampliación do Centro de Saúde do Tarrío.

■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NA SOLIDARIEDADE

Un Concello solidario

O noso Concello, por iniciativa do BNG, hai tempo que está integrado e participa activamente no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, referente da cooperación e da solidariedade en Galiza.

En por iso, o noso compromiso para a próxima lexislatura non é outro que:

Seguir **apoiando e participando da política do Fondo** Galego de Cooperación E Solidariedade.

■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO ENTRE A MOCIDADE

A mocidade centro da nosa política

A nosa política en materia de mocidade ha guiarse pola procura da súa **participación no deseño das políticas** que lle afectan e por unha concepción integral da política xuvenil.

Comprometémonos a:

Habilitar no centro sociocultural un **espazo de encontro** para a mocidade cos medios necesarios para o desenvolvemento e autoorganización de actividades.

Facilitar o acceso de mozas e mozos **ás instalacións e equipamento** deportivo e sociocultural municipal

Xestionar ante a Dirección Xeral de Xuventude o acondicionamento dunha parte do soto da Casa da Cultura para **locais de ensaio e obradoiros** de creación no marco da “Rede Galega de Locais de Ensaio”. Asemade, hase xestionar o equipamento mínimo imprescindible para estes locais.

Intensificar o **labor de información** que xa se ven prestando dende a Oficina Municipal de Información Xuvenil e o Servizo Galego de Colocación a respecto de **emprego xuvenil**, bolsas, promoción do autoemprego, cooperativismo...

Cooperar coa Consellería de Vivenda na **promoción de vivendas de tipoloxía acaída** ás necesidades e demandas da mocidade e no seu acceso ás vivendas protexidas.

Darlle continuidade á política da **información e asesoramento** que se ven desenvolvendo dende a OMIX **en relación coas vivendas** de

promoción pública ou protexidas e ás políticas doutras administracións de apoio á merca ou alugueiro de vivenda.

Colaborar coas **iniciativas da rede “Quérote”** (centro de asesoramento afectivo-sexual para a mocidade) impulsada pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Realización de campañas de **prevención** das **enfermidades** de transmisión sexual, contra a bulimia e anorexia.

Elaborar un Plano municipal de prevención da **drogadición e outras condutas aditivas**.

Impulsar as **liñas nocturnas de transporte** para facilitar o lecer nocturno da mocidade.

Promocionar o **transporte saudábel** e nomeadamente da bicicleta, creando, onde sexa posíbel, carrís e aparcadoiros para este vehículo.

Desenvolver, no **Parque de Educación Viaria**, campañas e accións formativas que fomenten a **condución** segura, **responsábel** e sen alcohol.



■ PARA QUE FENE SIGA AVANZANDO NA DEMOCRACIA PARTICIPATIVA

A mocidade garantía dos valores éticos e da participación cidadá.

O **BNG** é **garantía** de gobernos municipais e cargos públicos comprometidos na súa acción política sempre co **interese público** e nunca co privado ou particular.

Dende o BNG comprometémonos a desenvolver aquelas medidas incluídas na **Lei de transparencia** que é posíbel implementar no ámbito municipal (información pública sobre as nosas retribucións como cargos públicos, subvencións concedidas, convenios asinados, ...).



Comprometémonos tamén a:

Seguir aplicando os **mesmos criterios de obxectividade e transparencia** na concesión de subvencións municipais.

Promover un **amplo debate** cos demais grupos e axentes sociais para **analizar as causas** polas que despois de 28 anos de regulamentos de participación veciñal, xuntanzas co movemento asociativo para elaboración dos orzamentos municipais e constitución de diferentes consellos sectoriais **a participación cidadán na xestión municipal non acada os niveis que serían desexábeis.**

Promover a creación dun **foro cidadán** no que reflexionar sobre a **carta e dereitos da cidadanía.**

Promover un amplo debate cos demais grupos e axentes sociais sobre a **situación e perspectivas de futuro do movemento asociativo** nun marco lexislativo cada vez máis complexo para a maioría das entidades.